

**BOLSA DE OFICIAIS DE INSTALACIÓNS MUNICIPAIS****Recursos de alzada contra o primeiro exercicio do proceso selectivo convocado para a formación dunha bolsa de oficiais de instalacións municipais.**

Presentados os recursos de alzada que se detallan máis abaixo, dase aos interesados, quen teña presentado instancia para participar en dito proceso selectivo, un prazo de 10 días de conformidade co disposto no artigo 118 da Lei 39/2015 de procedemento administrativo común das administracións públicas que dispón “si hubiera otros interesados se les dará, en todo caso, traslado del recurso para que en el plazo antes citado aleguen cuanto estimen procedente”

1. Don José Fidel Fonterosa Amez presenta recuso de alzada contra a resolución polo órgano de selección sobre:
 - a) A anulación das preguntas 12 e 20 do primeiro exercicio da bolsa (Test) que basea en que a estimación da anulación é rebuscada e cun elevado nivel, cando as preguntas son simples polo que non deberían ser anuladas.
 - b) A desestimación da súa alegación referida á pregunta 7 do primeiro exercicio da bolsa (Test) que basea en que a regra xeral do sentido do silencio administrativo en procedementos iniciados a solicitude do interesado é a desestimación, sendo a estimación unha excepción.
 - c) A corrección da plantilla coas respostas do primeiro exercicio da bolsa (Test) que basea en que a resposta correcta é a d) segundo a lei.
2. Don Victor González Cortegoso presenta recuso de alzada contra a resolución polo órgano de selección sobre a anulación da pregunta número 20 do primeiro exercicio da bolsa (Test) que basea en que a pregunta so ten unha resposta correcta, a opción b).
3. Don Francisco Lorenzo Piñeiro presenta recuso de alzada calificado por el recurrente como *de reposición* contra a resolución do órgano de selección sobre:
 - a) A desestimación da súa alegación referida á pregunta 8 do primeiro exercicio da bolsa (Test) que basea en que hai dúas respostas correctas alegando que un portal de internet e un sitio web é o mesmo.
 - b) A desestimación da súa alegación referida á pregunta 9 do primeiro exercicio da bolsa (Test) que basea en que parece haber dous criterios que dan por válidas as respostas a) e d).
 - c) A desestimación da súa alegación referida á pregunta 11 do primeiro exercicio da bolsa (Test) que basea en que considera



| | | |
|--|--|---------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 11/05/2023 12:05 | Páxina 1 de 2 |
| 40971-220 | CSV: AFAD26-4C4F2F-EB4HBB-VHTBYA-NCESNB-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

**CONCELLO
DE VIGO**



- incluída a resposta b) na resposta d) e polo tanto que a pregunta está mal formulada ou ten un erro de transcripción”.
- d) A desestimación da súa alegación referida á pregunta 15 do primeiro exercicio da bolsa (Test) que basea en que a resposta correcta sería polímetro, que non figura entre as opcións dadas, e que, polo tanto, produciuse un erro de transcripción.

Vigo, na data da sinatura electrónica

A secretaria do órgano de selección.- María Dolores Sotelo Gallego
A presidenta do órgano de selección.- Elena Ares Salgado



| | | |
|--|--|---------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 11/05/2023 12:05 | Páxina 2 de 2 |
| 40971-220 | CSV: AFAD26-4C4F2F-EB4HBB-VHTBYA-NCESNB-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |